



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.

2. OBXECTIVOS XERAIS.

3. EDUCACIÓN INFANTIL: OBXECTIVOS, ACTIVIDADES, AVALIACIÓN.

4. EDUCACIÓN PRIMARIA:

PRIMEIRO NIVEL DE PRIMARIA: OBXECTIVOS, ACTIVIDADES, AVALIACIÓN.

SEGUNDO NIVEL DE PRIMARIA: OBXECTIVOS, ACTIVIDADES, AVALIACIÓN.

TERCEIRO NIVEL DE PRIMARIA: OBXECTIVOS, ACTIVIDADES, AVALIACIÓN.

CUARTO NIVEL DE PRIMARIA: OBXECTIVOS, ACTIVIDADES, AVALIACIÓN.

QUINTO NIVEL DE PRIMARIA: OBXECTIVOS, ACTIVIDADES, AVALIACIÓN.

SEXTO NIVEL DE PRIMARIA: OBXECTIVOS, ACTIVIDADES, AVALIACIÓN.

5. NEAE.

6. EQUIPO DE BIBLIOTECA.

7. AVALIACIÓN.



1. INTRODUCCIÓN

O **PLAN ANUAL DE LECTURA**, que está incluído na Programación Xeral Anual, recolle as actuacións e actividades concretas que se traballarán no centro, co obxectivo xeral de mellorar a competencia lectora do alumnado.

Susténtase na base lexislativa do decreto 105/2014, do 4 de setembro, e que establece o currículo da Educación Primaria en Galicia, e no Proxecto Lector de Centro elaborado no curso escolar 2009-2010.

O Plan Anual de Lectura está elaborado polo Equipo da Biblioteca coas aportacións dos equipos docentes do ciclo de Infantil e todos os niveis de Primaria. Posteriormente o Consello Escolar será informado do desenvolvemento do mesmo ao ir incluído na Programación Xeral Anual. A persoa responsable da Biblioteca Escolar será a encargada de coordinar as actuacións referidas no Plan Anual de Lectura.

2. OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos que nos plantexamos para este curso escolar son:

A. Potenciar o desenvolvemento do hábito lector e a mellora da competencia lectora dende todas as áreas e materias do currículo, tendo en conta as especificacións de cada unha delas.

B. Mellorar nos/nas alumnos/as o desenvolvemento daquelas competencias, habilidades e estratexias, no marco de situacións significativas e relevantes de lectura, que lles permitan converterse en lectores/as competentes, capaces de comprender, reflexionar, interpretar e usar diversos tipos de textos.

C. Sistematizar de xeito coherente as prácticas lectoras e escritoras que se desenvolven no centro e favorecer a súa integración no proceso de ensino aprendizaxe en todas as áreas e materias do currículo.

3. EDUCACIÓN INFANTIL

OBXECTIVOS

- Iniciarse no gusto pola lectura.
- Potenciar habilidades de atención, escoita e comprensión.
- Iniciarse na produción de textos gráficos e escritos.
- Adquirir hábitos de respecto e coidado polo material da biblioteca de aula e do centro.
- Desenvolver a creatividade a través dos contos.

ACTIVIDADES

As actividades para o fomento da lectura en educación infantil son:

1. Biblioteca de aula: Unha das mellores maneiras para achegar ó alumno/a á literatura infantil en xeral e ao conto en particular é mediante a biblioteca de aula, a cal se nutrirá dos libros da biblioteca do centro. No noso Centro existe unha biblioteca en cada aula sita nun recuncho acolledor, agradable, accesible, con entidade propia, é dicir, unha biblioteca, onde se poidan realizar narracións, lecturas, recitar poemas, dramatizacións de contos, etc. Antes de que os nenos/as poidan ler, tal e como é o caso dos nenos/as de EI, estes



pasan por tres procesos esenciais e complementarios na lectura de imaxes: o neno/a identifica, recoñece e imaxina. Tarefas que imos a levar a cabo nas nosas aulas. A biblioteca é algo que non falta en ningunha aula, dadas as grandes posibilidades educativas que encerra, está constituída por todos os materiais axeitados para a práctica lectora. Preferentemente está nunha zona luminosa e os libros están ao alcance dos alumnado..

Á hora de clasificar os libros da biblioteca de aula atendemos:

- Á súa temática: libros de animais, de cores de formas, etc.
- Ao seu uso como libros lúdicos, libros de consulta, libros sonoros.
- Ao seu formato: libros de imaxes, de texto, libros combinados texto-imaxe.
- Ao material: libros plásticos, manexables, de cartóné.

A función esencial da biblioteca é crear no alumnado hábitos de lectura e iso lógrase cando os nenos/as se achegan a un libro porque lles diverte e non porque se vexan obrigados a ler.

2. Préstamo de libros:

Con relación á biblioteca é necesario establecer o servizo de préstamos. Deste modo os nenos/as poden levar os libros á súa casa. O préstamo é interactivo e semanal.

Así o servizo de préstamo favorece a implicación das familias, o coidado e respecto polos libros dos demais, o interese pola lectura así como a interiorización do hábito lector, a responsabilidade de devolve-lo o día sinalado e en perfectas condicións, poder anotarse nun gráfico de control, saber esperar quenda...

Unha biblioteca de aula ben organizada e dirixida axuda a que o neno/a saiba acostumarse e manexarse na biblioteca de Centro, servindo de campo de experimentación para o futuro lector.

3. Actividades diarias:

As mestras de Educación Infantil realizarán ao longo do curso innumerables actividades relacionadas co fomento da lectura, algunhas delas son as que seguen:

***A mochila viaxeira**, a cal se envía durante unha semana a cada alumno/a e na cal se inclúen distintos tipos de contos e materiais audiovisuais para fomentar a implicación das familias.

* Cando **lemos contos** ao alumando traballamos sobre todo a capacidade de escoita, para iso contamos o conto nun lugar tranquilo, nun momento da mañá onde os nenos/as non estén nin cansos nin alborotados. Programamos actividades de antes e despois do conto, deste xeito potenciamos a memoria, a atención, a identificación de personaxes e a discriminación auditiva...

***Formulamos cuestións** aos nenos/as sobre que pasará con algún personaxe importante ou destacado do conto. Formularemos tamén a hipótese fantástica de "que pasaría se "...

*Podemos tamén equivocarnos nos **contos, parodiales**, cambialos, descompoñelos, extraer personaxes, reinventalos, transformalos... Por exemplo poderíamos contarlle "Carapuchiña verde" ou "Brancaleves e os sete xigantes".

***Facemos aparecer no conto** aos propios **nenos/as** o que fomenta non so a creación, a imaxinación e a orixinalidade senón tamén a escoita.

***Actividades previas ao conto**: lectura e interpretación de imaxes (lectura obxectiva e subxectiva), e relación con situación vividas polo alumnado.



*Sempre establecemos un **diálogo** acerca dos **contos** que acabamos de contar, comentámoslos para que os interioricen, insistindo sobre todo en determinados aspectos do conto, facendo preguntas con vocabulario que nos interese que asimilen...

* A partir do conto tamén facemos **actividades de expresión corporal e plástica** a través de diversas propostas didácticas como a dramatización do conto, a súa representación nun teatro de guiñol, ilustrar o conto con debuxos tanto en fichas individuais coma nun mural colectivo...

* O **apoio da lectura dos contos con láminas de imaxes** ricas e variadas, en papel ou en soporte informático é outra técnica que tamén realizamos.

* Buscaremos na aula un lugar importante para expoñer os libros que estamos a ler.

* Propoñeremos que traian á escola contos que traten a mesma temática que estamos a ler, libros do seu interese.

* A partir dunha lista de palabras imposibles, completar os títulos dos contos.

* Secuenciaremos os contos con imaxes.

* Confeccionar carteis de contos ou cancións con letras recortadas.

* Confeccionar un conto colectivo, o libro viaxeiro.

* Diferenciar entre conto, descripción, adiviñas, trabalenguas, poesías...

* Lectura semanal dun conto na biblioteca do centro.

Para finalizar este apartado dicir que son moitas as actividades que podemos realizar utilizando como base un conto, contribuíndo así a desenvolver equilibradamente os nosos alumnos/as dun xeito lúdico e entretido.

AVALIACIÓN			
	SI	NON	ÁS VECES
Utilizan con frecuencia a biblioteca de aula			
Prestan atención na presentación e escoita de contos.			
Participan na narración de contos.			
Coidan o material da biblioteca.			
Interésanse pola escoita e comprensión de textos.			
Coñecen as normas de funcionamento da BE.			



4. EDUCACIÓN PRIMARIA

PRIMEIRO NIVEL PRIMARIA

OBXECTIVOS

1. Favorecer o gusto pola lectura.
2. Propiciar a adquisición de hábitos lectores.
3. Formar lectores e lectoras competentes dende todas as áreas e materias curriculares, que sexan capaces de comprender, interpretar e usar distintos tipos de textos, axeitados ao seu nivel.
4. Integrar as fontes informativas en calquera soporte (informático, audiovisual ou impreso) no tratamento dos contidos curriculares.
5. Mellorar as habilidades en lectura e escritura do alumnado do nivel a través de actividades que axuden a incrementar o vocabulario e a mellorar as estruturas da linguaxe oral e escrita.
6. Uso da biblioteca escolar e da BE de aula como recurso para o emprego e fomento das TIC.
7. Promover a biblioteca como espazo de lectura, consulta e actividades lúdicas (contacontos, xogos de lectura, teatro, ilustradores...)
8. Seleccionar libros e textos axeitados aos gustos e intereses do alumnado do nivel.

ACTIVIDADES

- ***Visita guiada** dunha sesión semanal ou quincenal á **Biblioteca** adicada ao intercambio de libros, lectura de lecer e documentación, co fin de habituar ao alumnado a cumprir as normas básicas nun lugar deste tipo.
- ***Lectura individual** de diferentes **libros e textos** no tempo de lectura de cada mestre.
- ***Narración** de distintos **tipos de textos**.
- *Realización e **exposición de debuxos ou traballos manuais** relacionados coas **lecturas** dentro da clase.
- ***Elaboración** de **textos** de diferentes tipos (narrativos, descriptivos, poéticos...) axeitados ao nivel de lectoescritura do alumnado.
- ***Lectura obrigatoria** dun **libro** e elaboración dun caderniño con distintas actividades sobre el.
- ***Lectura** dun **texto literario** curto a entrada ou á saída das clases.
- ***Memorización e representación** de distintos textos literarios, poéticos, teatrais,...

AVALIACIÓN

Avaliarase que o neno sexa capaz de:

- Empregar de forma habitual os libros como medio de diversión e disfrute dentro e fóra da aula.
- Mostrar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación e de experiencias.
- Localizar información concreta e realizar inferencias directas na lectura de textos, relacionándoos coas propias vivencias e cos seus coñecementos previos.



- Ler textos diversos dos traballados e creados na aula con descodificación e entoación axeitada, coa finalidade de desfrutar e aprender coa escoita lectora.
- Ler comprensivamente en voz alta, logo de lectura silenciosa, textos coñecidos facendo fincapé fundamentalmente na expresividade e entoación.
- Amosar iniciativa e interese pola lectura comprobando a progresiva autonomía para ler e usar as fontes que proporciona a biblioteca do centro.

Avaliarase que o mestre/a sexa capaz de:

- Actuar como axente dinamizador e animador da lectura aproveitando calquera contexto (diferentes espazos como aula, biblioteca, informática... distintas materias, tempos etc.)
- Incitar e motivar ó noso alumnado do 1º nivel, ó descubrimento de novas lecturas a través da escolla ou selección axeitada dos diferentes textos.

SEGUNDO NIVEL PRIMARIA

OBXECTIVOS

LECTURA	EXPRESIÓN LECTORA	COMPREENSIÓN LECTORA	HÁBITO LECTOR
Asociar correctamente os sons ás grafías.	Ler sen silabear.	Ler e comprender textos de tipoloxía diversas, axeitados ao seu nivel.	Respetar e usar as normas da biblioteca.
Ler de xeito silencioso previo a unha lectura en voz alta.	Ler expresivamente con ritmo e entoación.	Identificar a idea principal do texto.	Amosar interese por escoller textos para a súa lectura.
Adquirir autonomía lectora.	Adquirir velocidade lectora.	Ampliar vocabulario e mellorar as estruturas da linguaxe oral e escrita.	Favorecer o gusto pola lectura e seleccionar textos axeitados aos gustos e intereses do alumnado do nivel.
			Propiciar a adquisición de hábitos lectores.

OBXECTIVOS PARA O MESTRE/A

LECTURA	HÁBITO LECTOR
Integrar as fontes informativas en calquera soporte no tratamento dos contidos curriculares.	Uso da biblioteca do centro e a da aula como recurso de fomento das TIC.



ACTIVIDADES

Unha sesión semanal da visita guiada á biblioteca, adicada ao intercambio de libros, lectura de lecer e documentación, co fin de hbituar ao alumnado a cumprir as normas básicas nun espazo deste tipo.
Lectura individual de diferentes libros e textos no tempo de lectura de cada mestre/a.
Lectura obrigatoria dun libro e realización de actividades sobre o mesmo.
Lectura grupal de distintos tipos de textos.
Realización e exposición de debuxos ou traballos realizados coas lecturas dentro da clase.
Elaboración de textos de diferentes tipos (narrativos, descriptivos, poéticos...) axeitado ao nivel de lectoescritura do alumnado.

AVALIACIÓN

LECTURA	Asocia correctamente os sons ás grafías.	Le de xeito silencioso previo a unha lectura en voz alta.	Adquire autonomía lectora.	Integra as fontes informativas en calquera soporte no tratamento dos contidos curriculares.
EXPRESIÓN LECTORA	Le sen silabear.	Le expresivamente con ritmo e entonación.	Adquirir velocidade lectora.	
COMPRENSIÓN LECTORA	Le e comprende textos de tipoloxía diversas, axeitados ao seu nivel.	Amplia vocabulario e mellora as estruturas da linguaxe oral e escrita.	Identifica a idea principal do texto.	
HÁBITO LECTOR	Respete e usa as normas da BE.	Amosa interese por escoller textos para a súa lectura.	Gusto pola lectura e selecciona textos segundo gustos e intereses.	Adquire hábitos lectores.

O mestre/a debe actuar como axente dinamizador e animador da lectura:

- Aproveitando calquera contexto (aula, biblioteca, aula de informática...)
- Incitando e motivando ao alumnado no descubrimento de novas lecturas a través da escolla axeitada de diferentes textos.

TERCEIRO NIVEL PRIMARIA

OBXECTIVOS

- Incentivar nos nenos e nenas o gusto pola lectura, valorándoa como fonte de lecer e pracer, de coñecemento da cultura, como recurso e disfrute persoal.
- Introducir ao alumno nas novas tecnoloxías en temas relacionados coa lectura.
- Traballar a linguaxe oral e escrita tendo por base diferentes textos adaptados ás idades.
- Intentar que o diccionario forme parte do material do alumno e que o empregue nos momentos de lectura.



- Traballar a comprensión, a memorización e a entonación con distintos tipos de textos (poéticos, narrativos e teatrais) de maneira que consigan o ritmo, pronuncia e entonación axeitada ao nivel do alumnado.
- Empregar a lectura para ampliar o vocabulario e mellorar a comprensión e a ortografía.
- Usar a biblioteca como espazo de aprendizaxe, de consulta, de formación e lecer.

ACTIVIDADES

Antes da lectura:

- *Activación de coñecementos previos sobre a lectura.
- *Observación, descrición e comprensión de: título, debuxos, portada...

Durante a lectura:

- ***Traballos de escoita:** primeira lectura por parte do profesor para darlles un modelo de lectura (entonación, pausas, ritmo...).
- ***Traballos de lectura silenciosa individual** para fixarse nos signos de puntuación, nas intervencións dos personaxes e naquelas palabras que presentan certa dificultade.
- ***Traballos de lectura colectiva** en voz alta.

Despois da lectura:

- ***Responder** a preguntas de comprensión.
- ***Identificar** a mensaxe da lectura.
- * **Se me gustou** ou non e porque.
- ***Elaborar** resumos, esquemas...
- ***Elaborar** diferentes tipos de textos a partir da lectura (descrición, adiviñas, cartas...).
- ***Valoración** dos libros lidos e recomendacións.

Durante o presente curso académico, trataremos de incentivar o gusto pola lectura e para levar a cabo o desenvolvemento das actividades teremos en conta os seguintes apartados :

- Lectura por parte do titor/ora de 2 libros axeitados aos seus intereses, un en Galego e outro en Castelán, ao longo do curso.
- Unha sesión quincenal na biblioteca para lectura, búsqueda de información (coincidindo coa hora asignada a cada grupo).
- Lectura diaria na aula.
- Unha sesión mensual na aula de informática para lectura e búsqueda de información.
- Valoración de libros lidos e exposición destas valoracións.
- Obradoiro de escritura en relación aos contidos traballados.
- Mochila viaxeira.

AVALIACIÓN

Para avaliar teremos en conta o seguinte:

- A capacidade e actitude na intervención en diferentes situacións de comunicación oral.
- Respeto das normas existentes.
- Desenvolvemento da capacidade de comprensión, expresión e de producións orais, ampliando léxico axeitado a unha intervención comunicativa. Habilidades para narrar e reproducir textos lidos.
- Uso axeitado dos medios de información.



- A capacidade de comprensión en voz alta, lectura silenciosa de diferentes textos fixándonos na entoación, na fluidez e expresividade.
- A actitude positiva de cara á lectura.
- A participación do alumnado en actividades de biblioteca e no uso da mesma.
- As opinións reflectidas no caderno viaxeiro en relación coa mochila viaxeira.

CUARTO NIVEL DE PRIMARIA

OBXECTIVOS

- A.** Incentivar nos nenos e nenas o gusto pola lectura, valorándoa como fonte de lecer e pracer, de coñecemento da cultura, como recurso e disfrute persoal.
- B.** Introducir ao alumno nas novas tecnoloxías en temas relacionados coa lectura.
- C.** Traballar a linguaxe oral e escrita tendo por base diferentes textos adaptados ás idades.
- D.** Intentar que o dicionario forme parte do material do alumno e que o empregue nos momentos de lectura.
- E.** Traballar a comprensión, a memorización e a entonación con distintos tipos de texto (poéticos, narrativos e teatrais) de maneira que consigan un ritmo, pronunciación e entonación axeitado ao nivel do alumnado.
- F.** Empregar a lectura para ampliar o vocabulario e mellorar a comprensión e a ortografía.
- G.** Usar a biblioteca como espacio de aprendizaxe, de consulta, de formación e lecer.

ACTIVIDADES

Durante o curso 2016-2017, trataremos de incentivar o gusto pola lectura e para levar a cabo o desenvolvemento das actividades teremos en conta os seguintes apartados :

- * **Lectura pola mestra** de libros ao longo do curso.
- * **Lectura grupal** dun libro en común para toda a clase (un por trimestre).
- * Unha **sesión quincenal na biblioteca** para lectura, búsqueda de información (coincidindo coa hora asignada a cada grupo) e traballo dos diferentes tipos de texto (descricións, narracións, poesía, cómic,...) relacionados coa lectura.
- * **Mochila viaxeira** dunha semana por neno/a. Incluirá material diverso como películas, libros, revistas, cds, cómic... e un caderno viaxeiro onde poderán anotar libremente as diferentes impresións ,opinións e recomendacións.

AVALIACIÓN

Para avaliar teremos en conta o seguinte:

- A capacidade e actitude na intervención en diferentes situacións de comunicación oral.
- Respeto das normas existentes.
- Desenvolvemento da capacidade de comprensión e de producións orais.
- Capacidade de expresión partindo de diferentes contextos, empregando léxico e formas lingüísticas axeitadas a unha intervención comunicativa.
- Habilidades para narrar e reproducir textos lidos.
- Se o alumnado establece relación entre coñecementos previos, experiencias e información contidas en distintos tipos de textos.
- Uso axeitado dos medios de información.
- A capacidade de comprensión en voz alta fixándonos na entoación, na fluidez e expresividade.



- A actitude positiva de cara á lectura, tanto silenciosa como en voz alta.
- A participación do alumnado en actividades de biblioteca e no uso da mesma.
- As opinións reflectidas no caderno viaxeiro en relación coa mochila viaxeira.

QUINTO NIVEL DE PRIMARIA

OBXECTIVOS

- A.** Utilizar axeitadamente os recursos da biblioteca para desenvolver o disfrute da lectura e a obtención de informacións variadas.
- B.** Seleccionar textos axeitados aos gustos e intereses dos nenos/as priorizando libros en lingua galega, para traballar unha maior competencia en comprensión lectora.
- C.** Fomentar o uso dos medios de comunicación social e as TICs para obter, valorar e interpretar informacións e opinións diferentes.
- D.** Desenvolver a comprensión da información de calquera tipo de texto a través da expresión oral e escrita das ideas e opinións que provoquen cunha corrección ortográfica e gramatical axeitada.
- E.** Iniciar o coñecemento da linguaxe literaria e da estrutura dos textos a través de obras nos diferentes xéneros.

ACTIVIDADES

- * **Lectura individual** de diferentes libros e textos no tempo específico adicado á lectura.
- * **Narración** de distintos tipos de textos polo alumnado para todo ou parte do grupo.
- * **Dramatización** en grupo de pequenos textos diante do resto da clase e ofrecemento para facelo noutras aulas.
- * **Lecturas expresivas** de diferentes textos empregando distintos rexistros de voz.
- * **Visita á biblioteca** escolar unha vez á semana para intercambio de libros persoais do alumnado dentro da aula, cun sistema de presentación e empréstito.
- * **Mochila viaxeira** dunha semana por neno/a. Incluirá material diverso como películas, libros, revistas, cds, cómic..... e un caderno viaxeiro onde poderán anotar libremente as diferentes impresións ,opinións e recomendacións.

AVALIACIÓN

Para avaliar teremos en conta o seguinte:

- A capacidade e actitude na intervención en diferentes situacións de comunicación oral.
- Respeto das normas existentes.
- Desenvolvemento da capacidade de comprensión e de producións orais.
- Capacidade de expresión partindo de diferentes contextos, empregando léxico e formas lingüísticas axeitadas a unha intervención comunicativa.
- Habilidades para narrar e reproducir textos lidos.
- Se o alumnado establece relación entre coñecementos previos, experiencias e información contidas en distintos tipos de textos.
- Uso axeitado dos medios de información.
- A capacidade de comprensión en voz alta fixándonos na entoación, na fluidez e expresividade.
- A actitude positiva de cara á lectura, tanto silenciosa como en voz alta.
- A participación do alumnado en actividades de biblioteca e no uso da mesma.
- As opinións reflectidas no caderno viaxeiro en relación coa mochila viaxeira.



SEXTO NIVEL DE PRIMARIA

OBXECTIVOS

A nivel xeral intentaremos:

- A.** Incentivar nos nenos e nenas o gusto pola lectura, valorándoa como fonte de lecer e pracer, de coñecemento da cultura, como recurso e disfrute persoal.
- B.** Introducir ao alumno nas novas tecnoloxías en temas relacionados coa lectura. Traballar a linguaxe oral e escrita tendo por base diferentes textos adaptados ás súas idades.
- C.** Intentar que o dicionario forme parte do material do alumno e que o empregue nos momentos de lectura e incluso no durante o traballo normal de clase.
- D.** Traballar a comprensión, a memorización e a entoación con distintos tipos de texto (poéticos, narrativos e teatrais) de maneira que consigan un ritmo, pronunciación e entoación axeitado ao nivel do alumnado.
- E.** Empregar a lectura para ampliar o vocabulario e mellorar a comprensión e a ortografía.
- F.** Usar a biblioteca como espazo de aprendizaxe, de consulta, de formación e de lecer, mantendo unha actitude de respecto as normas da mesma.
- G.** Iniciar o coñecemento da linguaxe literaria e da estrutura dos textos a través de obras nos diferente xéneros.

ACTIVIDADES

Para conseguilo, diariamente propoñeremos distintas actividades como:

- ***Activación** de coñecementos previos sobre a lectura. Observación, descrición e comprensión de: título, debuxos, portada...
- ***Traballos de escoita.**
- ***Traballos de lectura silenciosa.**
- ***Traballos de lectura colectiva** en voz alta.
- ***Responder a preguntas** de comprensión literal, crítica e interpretativa
- ***Lecturas expresivas** de diferentes textos empregando distintos tipos de voz.
- ***Dramatización** en grupo de pequenos textos diante do resto da clase.
- ***Visita** semanal á **biblioteca**, no horario asignado, para a realización de actividades na mesma, e a realización de empréstitos.

AVALIACIÓN

Para avaliar teremos en conta o seguinte:

- A capacidade e actitude na intervención en diferentes situacións de comunicación oral.
- Respeto das normas existentes.
- Desenvolvemento da capacidade de comprensión oral e escrita.
- A habilidade para narrar e reproducir textos lidos, con adecuada entoación e velocidade.
- A capacidade de comprensión en voz alta, lectura silenciosa de diferentes textos fixándonos na entoación, na fluidez e expresividade.
- A actitude positiva de cara á lectura.
- A participación do alumnado en actividades de biblioteca e no uso da mesma.



5. NEAE

O equipo de Biblioteca, favorecendo a dotación de material bibliográfico para todo o alumnado, decidiu a adquisición de libros adaptados ás circunstancias de desenvolvemento persoal do alumnado con NEAE. Os fondos mercadas por editoriais son:

-**Ed Miau**: “Juan tiene autismo”; “Tengo dislexia” e “Tengo síndrome de down”.

-**Ed Carambuco**: “Me he perdido” e “Noche de reyes” adaptados a Lingua de signos Española.

É necesario plantexarse actividades específicas para os alumnos con necesidade específica de apoio educativo, con atención individualizada de acordó ás súas peculiaridades. Aquí enuméranse algunhas propostas que se deberán concretar na aula:

- Ofrecerlles literatura accesible formalmente pero adecuada os seus intereses, de xeito que accedan a libros comprensibles para eles.
- Plantexar actividades de comprensión lectora que se adecuen ó nivel concreto dos alumnos con algunha dificultade.
- Practicar, na medida do posible, a lectura en voz alta de textos accesibles semántica e sintacticamente.
- Plantexar temas de debate sinxelos para practicar a expresión e comprensión oral.
- Realizar actividades de búsqueda de vocabulario recoñecido a fin de crear o seu propio dicionario persoal.

6. EQUIPO DE BIBLIOTECA

A. EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN E XESTIÓN propoñemos as seguintes tarefas:

- ✓ **Constitución e funcionamento** regular do **Equipo de Biblioteca**.
- ✓ Operacións iniciais de mantemento co **MEIGA**: altas, baixas, promoción de curso...
- ✓ **Reunións do Equipo de Biblioteca** cando menos unha vez ao mes.
- ✓ **Organización da biblioteca segundo a CDU** e clasificación de documentos.
- ✓ Favorecer o desenvolvemento das “**Bibliotecas de Aula**” reforzando os seus lazos coa Biblioteca Escolar e aproveitando as súas potencialidades e recursos.
- ✓ **Elaboración** dun tríptico con lecturas recomendadas para a casa.
- ✓ **Selección** dun listado de **lecturas axeitadas** para cada **nivel**.
- ✓ **Selección** dun listado de **direccións de páxinas en internet** para poder traballar a lectura comprensiva nos diferentes cursos.
- ✓ Continuar coas “**Mochilas Viaxeiras**”.
- ✓ **Seminario de formación permanente en biblioteca**: Seminario “Navegando pola nosa Biblioteca” de 40 horas de duración, dende o 10 de decembro do 2016 ata o 21 de febreiro do 2017, coa participación de 14 docentes do centro para a organización, xestión e dinamización da BE e á animación á lectura. Coordinado pola coordinadora da biblioteca.



B. EN RELACIÓN Á DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E Á SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO.

Apertura:

✓ En horario escolar para todas as aulas, a cargo dos/das titores/as, como ata agora, unha hora semanal por grupo de alumnos (18 horas en total), para actividades de lectura ou curriculares.

C. EN RELACIÓN Á FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN PARA O ACCESO Á INFORMACIÓN (EDUCACIÓN DOCUMENTAL)

✓ Benvinda aos nenos/as de Ed. Infantil (3 anos) e ao alumnado novo (1º trimestre).

✓ Formación ao profesorado de nova incorporación.

✓ Profundización no sistema de organización dos fondos para alumnos de 5º e 6º nivel de Primaria.

✓ Apoio ao profesorado, especialmente aos titores/as, para elaborar actividades de educación documental e naquelas actividades curriculares que o demanden.

✓ Apoio á realización de actividades que impliquen o uso das TICS na localización, selección, uso e transformación da información.

D. EN RELACIÓN AO FOMENTO DA LECTURA E AO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DO CENTRO.

✓ Queremos que este plan recolla a participación dos diversos axentes implicados (familia, escola, alumnos/as), a diversidade de textos, as distintas formas, finalidades e soportes de lectura, os espazos e os tempos de lectura, a lectura no colexio e a lectura na casa, así como a formación lectora do alumnado nas súas diversas vertentes (como usuarios da biblioteca escolar, educación lectora e educación para a información).

7. AVALIACIÓN

Propoñemos que se faga un seguimento do Plan anual de Lectura e un pequeno informe de cada nivel da súa aplicación, resultados e propostas de mellora ao final do curso escolar. Posteriormente, as conclusións destes informes serán dadas a coñecer ao Claustro e ao Consello Escolar, integradas na Memoria final do curso.

Para a elaboración destes informes teránse en conta os seguintes criterios:

- A idoneidade dos recursos empregados.
- A colaboración e participación por parte da comunidade educativa.
- A metodoloxía empregada.
- A coordinación entre o profesorado, especialmente entre os titores e especialistas na aplicación do plan de lectura.
- Os textos traballados cos alumnos, especialmente os libros que figuren de obrigada lectura.
- A utilización da Biblioteca Escolar na hora asignada e o seu uso para actividades non só de lectura senón tamén de formación de usuarios e alfabetización informacional.



O grao de consecución dos obxectivos propostos:

O seguimento e avaliación do Plan realizarase en función do:

- a) Plan anual de lectura.**
- b) Os recursos humanos, temporais e materiais.**
- c) Os logros do alumnado.**

Como instrumentos de avaliación propoñemos ademais das que cada nivel utilice teremos en conta as conclusións rexistradas nas actas das reunións do Equipo de Biblioteca despois de recibir as dos niveis e as dos equipos de educación infantil e de educación primaria.

Este plan foi aprobado na reunión ordinaria polo Claustro celebrada o 29 de Xuño de 2017 e Consello escolar do CEIP Campomaioir reunidos o de 29 de Xuño de 2017.